

# Boqueixón inicia a primeira fase do seu plan de mellora de eficiencia enerxética

O Concello de Boqueixón vén de iniciar as obras de mellora de eficiencia enerxética no alumeadado público. “Trátase da primeira fase dun proxecto global co que pretendemos acadar a total renovación dos máis de 2.700 puntos de luz distribuídos por todo o municipio”, explica o alcalde boqueixonés, Manuel Fernández Munín. “A nosa intención é continuar ampliando este plan de mellora de eficiencia enerxética no alumeadado público durante os vindeiros anos”, engade o rexedor.

Nesta primeira actuación, levarase a cabo a substitución de luminarias en rúas e interior de núcleos rurais. Entre eles atópanse Camporrapado, O Forte, Ardesende, Villalapaz e A Ponte.

O proxecto conta cun investimento de case 130.000 euros e prevé a instalación de luminarias LED de última

xeración e elevada eficiencia enerxética. Os traballos, que está a executar a empresa Setga SLU, tamén prevén a reposición de 6 cadros de mando dos 130 existentes para adaptalos á normativa vixente nesta materia. “Deste xeito, estímase un aforro enerxético dun 68% nas instalacións afectadas por estas obras”, concreta o rexedor.

A actuación está acollida á liña de axudas a proxectos de Economía Baixa en Carbono promovidos por Entidades Locais, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) e xestionada polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), co obxectivo de conseguir unha Economía máis limpa e sostible. Do montante total do orzamento, o Concello aporta un 20%, mentres que o resto será asumido polo IDAE.



Un operario levando a cabo a substitución dunha das luminarias de O Forte

## Amplíase o prazo do programa de compostaxe gratuíto

O programa de compostaxe caseiro gratuíto de Boqueixón amplía o prazo de solicitude. Dende o Concello lembran á veciñanza que “poden solicitar totalmente de balde o seu composteiro para levar a cabo esta práctica respectuosa

co medio ambiente e que redundarán nunha redución dos residuos orgánicos xerados polo conxunto da poboación”.

Para participar neste programa, só hai que remitir un correo electrónico a [compostaxe@boqueixon.gal](mailto:compostaxe@boqueixon.gal).

com achegando a ficha correspondente (dispoñible na web municipal). Unha vez recibidas todas as solicitudes, o Concello de Boqueixón citará á veciñanza para a entrega dos composteiros.

Este encontro tamén ser-

virá para ofrecer unha guía básica sobre como realizar a compostaxe caseira. Ao mesmo tempo, e co fin de garantir o axeitado desenvolvemento deste programa medioambiental ofrecerase apoio e realizarase un seguemento.

# En marcha as obras da senda peonil entre Rodiño e Codeso



O alcalde de Boqueixón, no centro, durante a súa visita ás obras da senda

As obras de mellora da seguridade viaria na estrada provincial DP-1201, entre Rodiño e Codeso, xa están en marcha. Os traballos comprenderán, entre outros aspectos, a creación dunha senda peonil entre ambos os dous núcleos de poboación, cumprindo, deste xeito, cunha antiga

demanda da veciñanza da zona.

O alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, puido comprobar o desenvolvemento duns traballos que “redundarán na mellora da mobilidade da nosa cidadanía”. Durante o seu percorrido polas obras, estivo acompañadao

un técnico da Deputación da Coruña -que financia a actuación cun investimento próximo aos 230.000 €- e por un responsable da empresa adjudicataria deste proxecto.

A través destes traballos, mellorarase a seguridade viaria en dous tramos da DP-1201, e máis concretamente, entre os PQ 2+360 e o 3+550 e PQ 4+500 e o 5+200. Neles, habilitarase unha senda peonil de 1,8 metros na marxe esquerda. Construída en formigón, contará tamén cunha capa de zorra en cor. Os traballos complementarase coa mellora das beirarrúas de 1,5 metros existentes no tramo entre os P.Q. 2+270 e 3+550.

O proxecto contempla, finalmente, a recollida de pluviais, á execución dun colector e a instalación de arquetas e, para a iluminación, á canalización das tubaxes baixo a senda.

O Concello abona as facturas a provedores nunha media de 8,5 días

Na sesión ordinaria do pleno de Boqueixón do mes de maio deuse conta do último informe da Secretaría-Intervención sobre o prazo medio de abono de facturas a provedores. No devandito documento, que se presenta ante o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, detállase unha considerable redución nos prazos, pasando dunha media de 60 días no primeiro trimestre de 2020 ata os 8,5 días rexistrados no cuarto trimestre do pasado ano.

## Camión de Inverno

No pleno ordinario tamén se aprobou por unanimidade a adhesión do Concello de Boqueixón á Asociación de Municipios del Camino de Invierno a Santiago. Esta agrupación ten como principal obxectivo, segundo indicou o rexedor, Manuel Fernández Munín, “a recuperación e posta en valor deste itinerario xacobeo, que transcorre polo municipio nun dos seus tramos. En concreto, polas parroquias de Lestedo e Sergude”.

Esta asociación conta cunha vintena de asociados e unha das primeiras accións desenvolvidas comprende “a creación dun vídeo promocional” que se presentou na feira internacional Fitur.

## Ampliáanse as xuntanzas de non conviventes

O comité clínico da Xunta modificou na última semana de maio as medidas de prevención contra a expansión da COVID-19, que entraron en vigor o pasado 29 de maio. Os cambios comprenden principalmente a amplia-

ción no límite de xuntanzas non conviventes, que pasa a ser dun máximo de 10 en exterior, e de 6 en interior. Porén, seguen prohibidas as xuntanzas de non conviventes entre as 01.00 e as 06.00 horas.

Tamén se amplía ata o

75% o aforo nos comercios, reunións profesionais, actividades culturais ou académicas, naqueles municipios que se atopen en niveis de restrición medio e medio-baixo. Neste último nivel é no que se atopa Boqueixón.

# Gran acollida á xornada sobre abuso das novas tecnoloxías

O Departamento de Educación e Cultura, a través do Servizo de Prevención de Condutas Adictivas de Boqueixón-Teo-Touro, e en colaboración coa Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade, organizou unha charla informativa sobre o abuso das novas tecnoloxías. A sesión, que se desenvolveu na Casa da Cultura de Camporrapado, contou cunha grande acollida entre as persoas asistentes. De feito, estáse a valorar a posibilidade de ampliar este tipo de sesións, dado o interese suscitado entre o público.

A xornada foi impartida por profesionais dun gabinete psicolóxico de Santiago. Nela, abordáronse os principais perigos que supoñen as novas tecnoloxías. Así, fíxose fincapé



Un intre da charla sobre o abuso das novas tecnoloxías, en Camporrapado

no uso do móbil, as redes sociais, os videoxogos e os xogos en liña e os perigos que poden supoñer para menores de idade.

Con esta información sobre a mesa, ofrecéronse unhas pautas a seguir para previr posibles condutas adictivas entre as crianzas. Unha das claves atópase na comunicación efectiva cos fillos e coas

fillas co fin de espertar o seu espírito crítico e para coñecer a súa opinión sobre as distintas ferramentas que teñen á súa disposición na rede. Estas conversas servirían tamén ás nais e pais para advertirlles sobre os perigos que poden supoñer as novas tecnoloxías e como deberían utilizalas dunha forma axeitada.

## Prazas vacantes na EIM Raíña Lupa de Boqueixón

Tras terse elevado a definitiva a listaxe de provisional de admitidos e admitidas na Escola Infantil Municipal (EIM) Raíña Lupa de Boqueixón, o Concello de Boqueixón vén de informar de que quedan un total de dezaseis prazas vacantes para o vindeiro curso 2021/2022. A maioría das devanditas prazas concéntranse no primeiro curso -o do grupo de 0 a 1 anos-.

As persoas interesadas en formalizar a matrícula deberán facelo a través do rexistro do Concello (con previa cita) ou na sede electrónica. Deberase achegar a documentación correspondente e que se pode consultar na propia web municipal. As solicitudes serán baremadas en agosto.

## Emotiva celebración do quinto aniversario de CoidarNos

A Carballeira de Rodiño é xa o lugar de homenaxe ás persoas coidadoras. Precisamente este punto foi o espazo escollido para a celebración do quinto aniversario do programa CoidarNos, grupo de apoio a persoas coidadoras de familiares en situación de dependencia de Boqueixón.

Esta especial celebración foi presidida polo alcalde boqueixonés, Manuel Fernández Munín, e pola concelleira de Servizos Sociais, Ana María Seijo. Tamén participou o edil de Economía, José Manuel Iglesias.



O acto comprendeu o descubrimento dunha placa conmemorativa

Tamén asistiron as persoas usuarias do programa, que se amosaron moi emocionadas por esta celebración.

O intre central do acto comprendeu o descubrimento dunha placa na que se pode ler o seguin-

te lema: *Boqueixón medra ao CoidarNos*. Deste xeito, dáse ao Concello un selo en recoñecemento ao seu compromiso cos coidados. A conmemoración deste quinto aniversario incluíu unha actuación da artista local Marina Vidal Míguez.

O programa CoidarNos acadou durante estes cinco anos diversos recoñecementos e tomouse como referencia para a profesión. De feito, o programa foi escollido para centrar un dos webinaros do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG).

# Teatro e relatos no Festival das Letras

Preto dun cento de persoas assistiron ao Festival das Letras Galegas. A cita, organizada polo Concello co apoio da Deputación da Coruña, ofreceu unha mañá de artes escénicas e promoción da nosa lingua.

O festival comezou coa posta en escena da obra *A mestra da lingua*, a cargo da compañía Duende Sico. A cita continuou coa entrega de premios do VII Certame de relato curto *Xosé Neira Vilas*. O concurso dirixido a escolares de Educación Primaria e Secundaria do municipio de Boqueixón contou cun total de 52 traballos presentados.

O alcalde, Manuel Fernández Munín presidiu o acto. Estivo acompañado polo presidente da Fundación Xosé Neira Vilas, Fernando Redondo, e unha integrante da mesma, Charo Golmar; polo director do CPIP Antonio Orza Couto, José Manuel Silva, e polo presidente da Asociación Cultural Mestre Manuel Gacio, Xosé Manuel Lobato.

Os/as nenos/as gañadores/as recibiron cadanseu diploma e un lote de libros compiladores cos 9 relatos

premiados. Ademais, o primeiro posto de cada categoría recibiu un vale de 125 € en material escolar; o segundo, 100 €, e o terceiro, 75 €. Os relatos galardoados na primeira sección (3º e 4º de EP) son os seguintes: *A nena moura*, de Nerea Rendo Sánchez (1º posto); *Xela e Fidalgo*, de Carolina Fernández Chas (2º), e *Ximena e a serpe máxica*, de Diana Neira Varela (3º).

Na segunda categoría (5º e 6º de EP), o primeiro premio foi para *Un soño cumprido*, de Simón Rouco González; o segundo, para *A viaxe do descubrimento*, de Mario Devesa Collazo, e o terceiro, para *O polbo futbolista e defensor do mar*, de Lucía Sánchez Raviña. A terceira sección (ESO), tivo como gañador o relato *O caderno de Pitágoras*, de Candela Suárez Méndez, seguido de *A porta á felicidade*, de Noa Méndez Picallo, no segundo posto, e de *O legado*, de Carlota Romay Soutullo, no terceiro.

O Festival das Letras Galegas completouse cunha lectura dramatizada de textos de Xosé Neira Vilas a cargo de Elisa Barreiro.



Rapazas e rapaces premiados/as no VII Certame de relato curto 'Xosé Neira Vilas'



Actuación da compañía Duende Sico, que ofreceu a obra *A mestra da lingua*



Elisa Barreiro protagonizou a lectura dramatizada de textos de Xosé Neira Vilas

## Convocatoria dunha nova edición dos cursos de inglés

O Concello de Boqueixón publicará as bases para a posta en marcha dunha nova edición dos seus cursos de inglés. Esta oferta está dirixida a alumnado de Educación Infantil, Primaria e Secundaria e tamén para mozas e mozos a partir de 16 anos (niveis A2, B1 e B2).

O desenvolvemento das

clases de inglés terá lugar no CPIP Antonio Orza Couto, coa adopción das medidas hixiénico-sanitarias necesarias en materia de prevención da COVID-19. Previsiblemente, ofreceranse dúas sesións por semana.

Unha vez que se publiquen as bases deste programa -previsiblemente o

15 de xuño-, e que estarán dispoñibles a través da web municipal, abrirase un prazo de entrega de solicitudes, que estará aberto ata o 30 de xuño.

As persoas interesadas deberán cubrir a ficha de inscrición correspondente a través da sede electrónica do Concello de Boqueixón ou presencial-

mente por rexistro (formalizando cita previa).

O Concello poderá modificar ou suspender a prestación da actividade en función das circunstancias que acontezan derivadas da crise sanitaria motivada polo COVID19. Máis información, no teléfono 981 513115 ou en cultura@boqueixon.com.

# Éxito da Carreira das Letras, con 200 persoas participantes

O Pico Sacro acolleu unha nova edición da carreira Camiño das Letras. Esta cita conxugou deporte e cultura ao ter moi presente a figura de Xela Arias, escritora homenaxeada no Día das Letras Galegas.

Camiño das Letras rexistrou un novo éxito de convocatoria ao completarse as 200 prazas dispoñibles aos poucos días de terse aberto as inscricións.

A saída do percorrido realizouse no cumio deste icónico enclave boqueixonés para despois continuar por un tramo da Vía da Prata ao seu paso polo municipio. As persoas participantes completaron unha distancia de 15 quilómetros para finalizar na Cidade da Cultura, en Santiago de Compostela.

A entrega de galardóns da carreira Camiño das Letras contou coa presenza do alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín. O rexedor amosouse moi satisfeito polo bo desenvolvemento desta cita deportiva.



O Pico Sacro voltou ser o punto de saída desta actividade deportiva



O alcalde de Boqueixón na entrega de galardóns realizada na Cidade da Cultura

Axudas para adquirir libros de texto e material escolar para o vindeiro curso

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade publicou a orde do 6 de maio de 2021 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos, para o curso escolar 2021/22 (código de procedemento ED330B).

Estas axudas está dirixidas a familias con alumnado matriculado en centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos nas modalidades de gratuidade solidaria.

As solicitudes deberanse formalizar antes do 22 de xuño. Pódese consultar máis información sobre estas axudas na web municipal de Boqueixón.

## Porase en marcha o Campo Recreativo e Ambiental

O Concello de Boqueixón porá en marcha este verán o programa CREA (Campo Recreativo e Ambiental). Trátase dunha iniciativa que ten como principal obxectivo, segundo indican dende a Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX), “crear durante a tempada estival un espazo lúdico educa-

tivo, empregando unha metodoloxía de educación non formal, que favoreza a aprendizaxe dos participantes fomentando os valores ambientais e patrimoniais do noso concello”.

Esta proposta está dirixida a persoas nadas nos anos 2005, 2006, 2007 e 2008. Desenvolverase durante o vindeiro mes de

xullo en horario de mañá.

As inscricións nesta proposta realizaranse entre os días 5 e 15 de xuño. As bases publicaranse na web municipal para a súa consulta. As persoas interesadas deberán remitir a correspondente ficha de inscrición ao enderezo electrónico [omix@boqueixon.com](mailto:omix@boqueixon.com).

Dende a OMIX de Boqueixón animan á mocidade do municipio a participar nesta nova proposta ambiental e de lecer. Para solicitar máis información sobre este servizo, as persoas interesadas poden chamar ao teléfono 981 513 115 ou enviar un correo electrónico a [omix@boqueixon.com](mailto:omix@boqueixon.com).

# Reabre o ximnasio municipal con reserva previa e nova distribución dos espazos

Coa mellora xeralizada da situación epidemiolóxica e o avance na vacinación da poboación, o Concello de Boqueixón reabre neste mes as portas do ximnasio municipal. Deste xeito, a sala de musculación voltará a estar á disposición da veciñanza, aplicándose todos os protocolos fronte á expansión da COVID-19.

Entre as medidas que se levarán a cabo para garantir a práctica segura de deporte, atópase “a implantación dun sistema de control de aforo e de reserva previa para poder manter as medidas de seguridade exixidas polas autoridades sanitarias, así mesmo dentro da instalación seguirán a manterse o uso da máscara, distancia de seguridade e calquera outra medida de hixiene necesarias nestes momentos”, explican dende o Departamento de Deportes boquexonés.

Outra das medidas que se adaptarán comprende a modificación das instalacións. Así, a única aula que se utilizará para actividades dirixidas será a Sala 1 e, en caso de superpoñerse actividades, utilizaríase a pista de pádel. As máquinas de cardio trasladaranse á Sala 2 (sala dos espellos) para poder garantir a distancia de seguridade entre usuarios e usuarias.

Aquelas persoas interesadas en utilizar este servizo, deberán cumprimentar a correspondente ficha de inscrición (dispoñible na web municipal) e presentala por rexistro (ben a través da sede electrónica ou ben de xeito presencial, con cita previa). O documento pódese solicitar tamén en [deportes@boqueixon.com](mailto:deportes@boqueixon.com).

Pola súa banda, os distintos grupos de clases dirixidas contarán cun máximo de 6 persoas en interior, e



Vista da sala de musculación do ximnasio municipal, que reabre as súas portas

de 10 en exterior. Continuarase coas actividades das Escolas Deportivas municipais durante o verán, sempre que se conte cun grupo mínimo.

Procederáse á progresiva instauración das novas clases no ximnasio municipal para ir coñecendo outras alternativas. Se houberse

algún cambio a maiores, comunicarase ás persoas usuarias do xeito máis directo e dilixente posible.

Dende o Departamento de Deportes de Boqueixón agardan que estas novas medidas redunden “na mellora do uso e disfrute das instalacións deportivas do Concello”.

## Curso de primeiros auxilios a alumnado de Secundaria

Un total de 70 estudantes do CPIP Antonio Orza Couto participaron nunha nova edición das xornadas de Primeiros Auxilios impartidas polo Departamento de Deportes do Concello de Boqueixón. Esta iniciativa desenvólvese de xeito anual, en colaboración co Departamento de Educación Física do centro escolar, a través da profesora María Paz Gago.

“Trátase duns coñecementos de carácter transversal no currículo do

alumnado, pero de moito valor na vida cotiá. É por iso que esta formación específica se desenvolve de xeito anual”, explican dende o Departamento de Deportes municipal. Esta formación tamén se estende ás distintas asociacións deportivas do municipio boquexonés.

A formación tamén se reforza con sesións específicas sobre o uso do desfibrilador (DESA), xa que se dispón dun modelo de adestramento.



## Anacos do noso

# Pedro Pérez, o filántropo que deu pulo a novos talentos en Boqueixón

"Dálle a un home un peixe e alimentaralo por un día. Apréndelle a pescar e alimentaralo de por vida". Este proverbio chinés poderíase aplicar á figura de Pedro Pérez Pérez, máis coñecido no seu día polo sobrenome de "o veterinario de Boqueixón" e tamén "El Gallego".

Precisamente o seu amplo legado, aínda presente nas distintas persoas ás que axudou a cursar os estudos de Medicina e Veterinaria e que hoxe están a desenvolver a súa profesión, e importante contribución ao desenvolvemento do municipio son os que levaron á Corporación municipal a nomealo Fillo Adoptivo de Boqueixón a título póstumo.

Nado en Tosar de la Vera, un pequeno municipio da provincia de Cáceres, en xuño de 1919, licenciouse en Veterinaria. Á súa profesión levouno a residir en Boqueixón durante 15 anos. Durante a súa estancia no concello, ao que chegou nos anos 50, viviu coa súa dona, Rosario Fernández Rodríguez, nunha pequena casa alugada á carón da ponte medieval de Ponte Ledesma. A veciñanza da parroquia definíao como unha persoa afable e xenerosa.

En 1965 trasladouse a Carballo como xefe comarcal, mais as súas vivencias durante os tres lustros que permaneceu en Boqueixón deixáronlle unha fonda pegada. O seu vencellamento co municipio estivo sempre presente na súa vida... e incluso alén ela.

Logo de jubilarse, Pedro Pérez regresou á súa vila natal, onde falecería o 7 de decembro do 2001. No seu testamento, outorgado en Talayuela (Cáceres) o 8 de xuño de 2001, manifesta a vontade de que despois do seu pasamento se constituía unha fundación coa finalidade de crear un fondo anual para apoiar as carreiras universitarias de Medicina e Veterinaria de dous fillos/as pertencentes a calquera parroquia do Concello de Boqueixón, durante un tempo máximo de 5 anualidades (as dúas primeiras persoas beneficiarias serían, na medida do posible, da parroquia de Ledesma).

E para cumprir con este legado, constituíuse un Padroado integrado polo alcalde de Boqueixón, o secretario, os alcaldes pedáneos e o director do centro educativo. Esta entidade sería a encargada de asignar as devanditas axudas, priorizando a capacidade intelectual no reparto das mesmas.

A Fundación Pedro Pérez constituíuse no ano 2002 cun patromino de cento noventa e oito mil trescentos sesenta e tres euros con noventa e nove céntimos (198.363,99 €) debendo aplicarse o rendemento deste capital ás axudas. Grazas á xenosidade do veterinario de Boqueixón, foron dez as persoas mozas do municipio as que puideron cursar os estudos Medicina e Veterinaria durante os seus anos de carreira. Achegáronse, en total, algo máis de 65.000 € para esta fin.



Pedro Pérez Pérez, á dereita, durante unha recepción de autoridades



O coñecido como veterinario de Boqueixón, coa súa dona, Rosario Fernández

Así, a pegada de Pedro Pérez Pérez permanece na memoria colectiva da veciñanza e desas persoas que no seu día conseguiron unha axuda para desenvolver a que sería a súa profesión. Un valioso legado acadado grazas á boa vontade dun filántropo que quería favorecer a formación das novas xeracións.

Pedro Pérez converteu a Boqueixón na súa terra adoptiva e agora este Concello e as súas xentes queren corresponderlle nomeándoo Fillo Adoptivo a título póstumo. O acto oficial de entrega da condecoración terá lugar, previsiblemente, a finais deste mes e contará coa presenza da familia do homenaxeado.

# Regresan as visitas xeolóxicas ao Pico Sacro no verán

Tras a boa acollida de anteriores edicións e dado o interese xerado entre o público, o programa de visitas xeolóxicas ao Pico Sacro retomará a súa actividade durante os meses de verán.

Así, a empresa Geotur Galicia, en colaboración co Concello, reiniciará os percorridos por este enclave o domingo 6 de xuño ás 17.00 horas. O resto das visitas xeolóxicas desenvolveranse en domingos alternos ás 11.00 horas. Prevese, pois, a súa realización os días 20 de xuño; 4 e 18 de xullo; 1, 15 e 29 de agosto, e o 12 e 26 de setembro. “Esta

programación poderíase ampliar se existise unha demanda maior de solicitudes, tal e como sucedeu durante “Semana Santa”, concretan dende o Departamento de Turismo de Boqueixón.

O prezo das visitas xeolóxicas é de 10 euros por persoa, sendo de balde para menores de 12 anos. As prazas son limitadas e cómpre realizar inscrición previa a través do enderezo electrónico [geoturgalicia@gmail.com](mailto:geoturgalicia@gmail.com) ou chamando ao teléfono 675 820 520. Deberanse respectar as medidas de seguridade e prevención fronte á COVID-19.

Aproveita o verán para redescubrir este enclave



## VISITAS XEOLÓXICAS AO PICO SACRO

**Primeira visita:** 6 de xuño ás 17.00 horas

**Seguintes visitas:** 20 de xuño, 4 e 18 de xullo, 1, 15 e 29 de agosto, 12 e 26 de setembro ás 11.00 horas



**Prezo:** 10 € por persoa (menores de 12 anos, de balde)

Prazas limitadas  
Imprescindible inscrición

Máis información e reservas:  
[geoturgalicia@gmail.com](mailto:geoturgalicia@gmail.com)  
ou no 675 820 520

Visítanos con todas as medidas de seguridade



Organiza:  Colabora: 

## AXENDA DO MES DE XUÑO

Xoves  
3

### Presentación de CoidarNos no COPG

Actividade en liña  
20.00 horas  
De balde previa inscrición  
Cómpre reservar a través da ligazón dispoñible na web municipal.

Sábado  
5

### Charla sobre a xeoloxía do Pico Sacro

Centro de Interpretación  
20.00 horas  
De balde, previa inscrición  
Sesión impartida polo Doutor Espeleólogo da Federación Galega de Espeleoloxía, Marcos Vaqueiro Rodríguez.  
Reservas, no Dpto. de Turismo.

Domingo  
6

### Visita xeolóxica

Pico Sacro  
17.00 horas  
Prezo: 10 € /persoa (menores de 12 anos, de balde)

Domingo  
6

### Peter Punk Pallaso

Campo da Feira de Lestedo  
12.30 horas  
De balde  
Espectáculo dirixido a público familiar.  
Colabora: Deputación provincial da Coruña.

Domingo  
20

### Visita xeolóxica

Pico Sacro  
11.00 horas  
Prezo: 10 €/persoa (menores de 12 anos, de balde)  
Percorrido xeolóxico con distintas paradas.  
Prazas limitadas.  
Inscricións no 675 820 520 ou en [geoturgalicia@gmail.com](mailto:geoturgalicia@gmail.com).

Mércores  
23

### Verán Activo

Instalacións de O Forte  
09.00 a 14.00 horas  
Comezo da primeira quenda do programa de conciliación estival. Dirixido a nenos e nenas de Educación Infantil e Primaria.

e en xullo...

Xoves  
1

### Verán Activo

Instalacións de O Forte  
09.00 a 14.00 horas  
Comezo da quenda de xullo do programa de conciliación estival. Dirixido a nenos e nenas de Educación Infantil e Primaria.

Sábado  
10

### 'Noites de Cine'

Carballeira de Rodiño  
23.00 horas  
De balde-Prazas limitadas  
Proxección de *El Rey León*.  
Inscricións no Dpto. de Cultura.

Máis información e inscricións:

Centraliña: 981 513 061  
[concello@boqueixon.com](mailto:concello@boqueixon.com)

Cultura: 981 513 115  
[cultura@boqueixon.com](mailto:cultura@boqueixon.com)

Dto. Local e Turismo: 981 513 061  
[boqueixonturismo@gmail.com](mailto:boqueixonturismo@gmail.com)